

# a auga na cultura galega

# auga que hai que pasar

## MIL FORMAS DE PASAR OS RÍOS

No país dos "mil... dez mil...", ou cantos? ríos, e cunha poboación tan pouco vertebrada, existen dez veces máis lugares por onde os ríos deben ser cruzados e a xente creou moitas e axeitadas formas de facelo: portos, barcos, pasais, poldras, pontellas e, por suposto, pontes, que no lugar máis inesperado poden sorprenden pola súa antigüidade, sinxeleza, harmonía ou valor artístico.

A maneira máis primitiva de cruzar un curso de auga é buscando un lugar no que teña pouca fondura e escasa corrente (un vao ou porto do río) polo que poidan pasar persoas, gando e carros.



Ponte do Pasatempo sobre o Valiñadares, un afluente do Masma (Mondoñedo). Segundo a tradición, nesta ponte entretiveron á muller de Pardo de Cela cando viña co indulto, sen poder así evitar que mataran ao Mariscal.



### CANTIGAS

Pasei a Ponte Nafonso  
paseina de pedra en pedra,  
coas bágoas dos meus ollos  
fixen crecer a marea.

Nunca vin río sen ponte  
nen regato sen pasaxe;  
nunca vin mozo cativo  
que bo camiño levase.

### BAUTISMO PRENATAL

Nalgunhas pontes había o costume de facer o bautismo anticipado. Sométense a el mulleres preñadas con antecedentes de malos partos que queren lograr unha feliz xestación e parto.

Acoden na noite do sábado ao domingo ás doce da noite, acompañadas de dous parentes homes que se sitúan a cada extremo da ponte impedindo o paso. O primeiro home que tente pasar será o "padriño" e irá coller a auga ao río para vertela sobre o ventre da muller encinta ao tempo que recita a fórmula do bautismo.


Nalgunhas pontes o nome que se impón é o de Amaro e noutras o de Alberto.

Rematada a cerimonia faise un xantar sobre a ponte e logo a embarazada bota ao río, de costas á baranda e por riba dos ombros, o sobranche da comida, a louza e o resto dos utensilios.

Os pasais ou pasos son pedras asentadas na corrente e separadas de forma que pase unha persoa. Ás veces dunha cepa a outra ponse unha lousa e entón chámanse poldras. Son pasos para uso das persoas, podendo pasar o gando á beira das mesmas en treitos de pouca fondura.



Peirao para o atraque de embarcación e o acceso de persoas e mercadorías.




Postal antiga da ponte sobre o Umia (Pontearnelas)

En correntes non moi anchas constrúense PONTILLÓNS, construcións dun so van nas que, sobre dous muros ou estribos situados en ambas beiras, se apoian grandes lousas ou pontóns de madeira como plataforma, coa suficiente anchura para que poida pasar un carro.



Casteligo (Chandrea de Queixa)

As pontellas son máis estreitas e incluso con varios claros. Están formadas por varias cepas ou machóns unidos por grandes lastras ou táboas para o paso de persoas.



Río Lor (O Courel)



Rubías dos Mixtos (Baltar)

As PONTES son construcións nas que as obras son de máis grande tamaño e a fábrica de mellor calidade. A tipoloxía é moi variada segundo a cimentación, forma das cepas, ménsulas, calzada e pontóns. Así atopamos pontes de cepas redondeadas, apuntadas, falso arco, arcos semicirculares, apuntadas, dun so van, de varios... Algunhas das pontes que cruzan os ríos galegos son da época romana e moitas construídas na Idade Media. Tamén seguen en uso obras dos séculos XVI e XVII, aínda que moitas sufriron transformacións e adaptacións en séculos posteriores. A finais do século XIX construíronse as primeiras metálicas para o ferrocarril e xa no século XX estendeuse o uso do formigón armado na construción de pontes.



Ponte con falso arco (Outes)



Ponte romana no río Seixo (Cerdedo)



Ponte romana do Bibei (Larouco)



Ponte medieval de base romana sobre o Miño (Ourense)

"Poucas causas máis fermosas inventou o home que as pontes. E arredor da construción de pontes houbo sempre creencias máxicas e ritos específicos porque como creron os gregos antigos, o home tiña que facerse perdoar a violación dun orde divinal, xa que xungüia con unha ponte dúas partes da terra que naceran arredadas por unha corrente de auga...  
... Pasan sob os arcos as augas lentas dos nosos ríos. Algunhas datan dos días románs, varias veces reconstruídas pro que quizaves conserven pedras da súa fundación. E digo fundación porque unha ponte fúndase coma se funda unha cidade".

Alvaro Cunqueiro



Ponte do Almofrei (Cotobade)



Ponte sobre o Arnoia (Arnuide)



Ponte da Cigarrosa, sobre o Sil (A Rúa-Petín)